



CONCELLO DE BARBADÁS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Barbadás 17 de setembro de 2018

O Concello de Barbadás conta cunha gran tradición hortícola, xa que nos seus terreos cultiváronse produtos de calidade que ademais de servir de alimento á veciñanza abasteceron a Praza de Abastos de Ourense. Por elo, se pretende levar a cabo un proxecto de recuperación desta tradición e achegalo aos escolares do Concello, creando unhas hortas escolares no espazo situado ao oeste das edificacións do CEIP O Ruxidoiro onde se establecerán os bancais para plantar os cultivos hortícolas e as árbores froiteiras.

Preténdese tamén que este espazo, que até agora non se viña utilizando, remate por ser unha parte fundamental do colexio, onde o alumnado, tanto os que realizan as prácticas como o resto, acaben por sentilo como propio ao colaborar no seu acondicionamento, e sentirse responsábeis de pequenas áreas asignadas a diferentes grupos.

En base ó anteriormente exposto, enténdese que a fórmula axeitada de contratación sería a do contrato menor de servizos e dita actividade. En virtude das facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Adxudicarlle o contrato menor para a realización da posta en marcha do proxecto dos hortos escolares a Xan Losada Soto,

Base imponible: 14.750,00 €

I.V.E. (21 %): 3.097,50 €

Total: 17.847,50 €

2- Aprobar o gasto.

3- Incorporar a factura ao expediente

4- Dar traslado da presente resolución ao interesado.





CONCELLO DE BARBADÁS

Mándao e asíno o señor Alcalde en Barbadás 17 de setembro de 2018 do que eu como Secretaria Xeral dou fe.

O ALCALDE

ANTE MIN, A SECRETARIA XERAL

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

